



## ESPECIALISTAS EN URXENCIAS FALAN SOBRE AS CONSECUENCIAS DO CHEMSEX DENDE DIFERENTES PERSPECTIVAS

- *Promovido pola SEMES, este encontro tratou dos casos de atención a usuarios que empregan algún tipo de substancia para prolongar as súas relacións sexuais nos servizos de Urxencias dos hospitais de todo o Estado*
- *Este tema abordouse cunha perspectiva máis ampla, tendo en conta tanto o risco das ITS derivadas destas prácticas, como da perspectiva da toxicidade e posible drogodependencia que a maioría das substancias empregadas poden xerar*
- *O presidente de SEMES expuxo o éxito acadado en 2023 do proxecto Deixa a túa pegada, posto en marcha en 151 servizos de Urxencias de hospitais do Estado*

**Vigo, 19 de abril de 2024.-** O aumento de casos de atención nos servizos de Urxencias dos hospitais de todo o Estado a usuarios que empregan algún tipo de substancia para prolongar as súas relacións sexuais (Chemsex), leva á *Sociedad Española de Medicina de Urgencias y Emergencias (SEMES)* a xerar unha serie de encontros profesionais que analizan esta situación. Estes encontros chegaron onte a Vigo cunha xornada denominada: Chemsex (Sexo Químico). Abordaxe Multidisciplinar, que se desenvolveu na tarde de onte no Hospital Álvaro Cunqueiro.



Segundo comentou ao respecto a Dra. María Teresa Maza Vera, vicepresidenta primeira de SEMES-Galicia e xefa da Sección de Adultos do Servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo: "Un aumento de casos nos servizos de urxencias do conxunto do Estado de pacientes que acoden tras o consumo de determinadas substancias químicas que se empregan para prolongar as relacións sexuais (Chemsex) levou a SEMES a abordar este tema cunha perspectiva máis ampla, e na que se teña en conta, non só o risco das posibles infeccións por transmisión sexual (ITS), senón analizala tamén dende a perspectiva da toxicidade e, incluso, a drogodependencia,



tendo en conta que a maioría destas substancias empregadas conteñen metanfetamina, mefedrona ou GHB; cun alto poder xerador de dependencia”.

### “Deixa a túa pegada”

Este encontro comezou coa análise do programa, *Deixa a túa pegada*: unha experiencia a nivel nacional posta en marcha hai catro anos, e en plena operatividade, ao lograr que, a petición da SEMES ante esta realidade, sexan os propios servizos de urxencias os que, ante a sospeita dunha posibilidade de infección por VIH, poidan solicitar probas serolóxicas a pacientes que ingresen por urxencias, sen ter que esperar a que sexa a ou o paciente quen teña que pedilo polo trámite habitual. Este sistema contribúe a mellorar a toma de decisións clínicas, ao favorecer unha máis rápida detección, e con isto unha maior celeridade médica para o tratamento, ademais dunha información máis rápida ao paciente cara a tomar medidas fronte novas relacións sexuais.

Así segundo a propia páxina web de SEMES, neste programa participan un total de 151 servizos de Urxencias de hospitais de toda España, solicitándose un total de 62.227 probas serolóxicas no 2023 pasado, que ofreceron unha taxa de positividade a VIH do 1,1 por cento.

No ano 2023, na Área Sanitaria de Vigo solicitáronse en Urxencias 563 seroloxías de VIH (362 máis que o ano anterior, 2022, no que se realizaron 201 determinacións) coa detección de 4 casos positivos, un deles no contexto da práctica de Chemsex. A taxa de positividade foi dun 0,71%.

Se falamos de Galicia, e segundo os datos de SEMES, ao longo de 2023 pedíronse polos servizos de Urxencias un total de 1101 seroloxías, resultando 13 positivas para VIH (dúas delas no contexto de práctica de Chemsex).

### Perspectiva médica e social

Ao longo deste encontro, abordáronse diferentes aspectos desta realidade, tanto dende a perspectiva médica (diagnose e tratamento), como social. Así, ademais do Dr. Manuel J. Vázquez Lima, presidente de SEMES, que foi o encargado de ofrecer os resultados desta experiencia *Deixa a túa pegada*, participaron a Dra. Raquel Rodríguez Calveiro, médica do Servizo de Urxencias do Chuvi e coordinadora do programa *Deixa a túa pegada* en Galicia; a anteriormente citada Dra. María Teresa Maza Vera, e a Dra. Celia Miralles Álvarez, da Unidade de Enfermidades Infecciosas do Hospital Álvaro Cunqueiro, xunto con médicos e persoal de enfermaría de Urxencias, Enfermidades ou Microbioloxía dos Complexos Hospitalarios Universitarios de Vigo, Santiago de Compostela e da Coruña, ademais de diferentes hospitais de Madrid.

Así mesmo, estiveron presentes membros de asociacións de pacientes e responsables de ONG`s, como *Imagina Más* ou *Cedro*, de Vigo; que achegaron nos seus relatorios información de alto interese para os profesionais da medicina ao falar de aspectos como características socio-epidemiolóxicas de usuarios de Chemsex, factores de risco e protección ou interaccións entre o tratamento antirretroviral para o VIH e as drogas.